

*Resolución do 4 de xaneiro de 2010, da Dirección de Recursos Económicos, pola que se fai pública a adxudicación da subministración de látegos de fibra e cobre para o novo hospital de Lugo AB-SERI-09-060.*

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Servizo Galego de Saúde.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección de Recursos Económicos.

c) Número de expediente: AB-SERI-09-060.

d) Enderezo da internet do perfil do contratante: [www.sergas.es](http://www.sergas.es).

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo: subministración.

b) Descrición: subministración de látegos de fibra e cobre para o novo hospital de Lugo.

c) Lote (de ser o caso): non.

d) CPV (referencia de nomenclatura): 32423000-4.

e) Acordo marco (se procede): non.

f) Medio de publicación do anuncio de licitación: DOG.

g) Data de publicación do anuncio de licitación: *Diario Oficial de Galicia* nº 218, do 6 de novembro de 2009.

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

4. Orzamento base de licitación:

Importe neto: 173.466,38 euros. IVE 16%. Importe total: 201.221 euros.

5. Adxudicación:

a) Data: 29-12-2009.

b) Contratista: *TRC Informática, S.L.*

c) Importe ou canon de adxudicación: importe neto: 147.310,70 euros. IVE 16%. Importe total 170.880,41 euros.

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2010.

P.D. (Decreto 311/2009, Orde 15-6-2009)

Pablo Torres Arrojo

Director de Recursos Económicos

## **b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **CONCELLO DA PEROXA**

*Edicto.*

Unha vez aprobada inicialmente a modificación puntual número 3 do Plan Xeral de Ordenación

Municipal do Concello da Peroxa polo Pleno deste concello, sométese a información pública durante o prazo de un mes, contados a partir da inserción deste anuncio no DOG.

Durante o dito prazo poderá ser examinado por calquera persoa física ou xurídica, na secretaría do concello en horario de oficina, e formular as alegacións ou observacións que estimen pertinentes.

A Peroxa, 8 de xaneiro de 2010.

Manuel Seoane Rodríguez  
Alcalde

## **INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO**

*Anuncio.*

No BOP de Ourense nº 292, do 22 de decembro de 2009, publicáronse íntegras as bases para cubrir as prazas de acceso libre, correspondentes á oferta extraordinaria de emprego público para a consolidación do emprego.

As prazas que se convocan son as seguintes:

Persoal laboral:

-Unha (1) praza de administrativo de Administración xeral, asimilada a subgrupo C1. Concurso-oposición. Título de bacharelato, técnico ou equivalente. Certificado de perfeccionamento de lingua galega ou Celga 4.

-Unha (1) praza de porteiro-ordenanza, asimilada ás agrupacións profesionais sen requisito de titulación. Concurso-oposición. Certificado de iniciación da lingua galega ou Celga 3.

As solicitudes presentaranse no rexistro do Inorde durante o prazo de 20 días naturais seguintes ao da publicación do pertinente anuncio no BOE. Así mesmo, poderán presentarse na forma que determina o artigo 38.4º da Lei 30/1992. Á solicitude deberán unirse os xustificantes dos méritos que se aleguen.

O Inorde facilitará copia das bases e modelo oficial da solicitude na oficina do Inorde, rúa Progreso, 28 (Ourense), ou solicitando ao teléfono 988 39 10 85 ou fax 988 39 19 62.

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria publicaranse exclusivamente no taboleiro de edictos do Inorde en todo caso, e no BOP de Ourense cando proceda, de conformidade coas bases das probas selectivas.

Publícase isto, de conformidade co disposto no artigo 233.3º da Lei 5/1997, da Administración local de Galicia.

Ourense, 4 de xaneiro de 2010.

José Manuel Freire Couto  
Presidente do Instituto Ourenseño de Desenvolvemento Económico